

**Coñece o noso conservatorio,
coñece o teu conservatorio**



Trompeta



Acordeón



Fagot



Saxofón



Óboe



Gaita



Tuba



Violoncello



Frauta travesa



Trombón



Percusión



Contrabaixo



Trompa



Violín



Clarinete



Viola




Piano





Guitarra





ALGUNHAS PREGUNTAS E RESPOSTAS


 **Como podo coñecer os instrumentos que se poden estudar no conservatorio?** Poderás coñecelos nas xornadas de portas abertas e seguir descubrindoos nos vídeos que hai na nosa páxina web (busca as ligazóns na sección "Estudos-Probos de acceso-1º curso grao elemental").

 **Cando é a proba de acceso?** Podes velo no calendario da seguinte páxina. Tamén aclara en que días tes que matricularte para esta proba.

 **Como podo preparar esta proba?** Na sesión de portas abertas explicaranche en que consiste esta proba e ademais na páxina web tes exemplos para practicar (na sección "Estudos-Probos de acceso-1º curso grao elemental").

 **Que aprenderei no conservatorio no primeiro curso?** Aprenderás o Instrumento que escollas (nunha clase individual) e ademais Linguaxe Musical (nunha clase de grupo).

 **Vou dar concertos?** Claro que si: ao final de cada trimestre, se estás preparado/a, poderás tocar nas audicións que organizamos no conservatorio.

 **Como podo resolver mais dúbidas que teño?** Na páxina web haberá moita información na sección "Preguntas Frecuentes". Tamén podes chamar ao 986213395.

CALENDARIO PARA O ACCESO AO 1º CURSO DO GRAO ELEMENTAL

7 de abril de 2026	Publicación do documento de Preguntas Frecuentes (na páxina web)
Dende o 7 de abril de 2026	Recollida de impresos de inscrición (na conserxería)
10 de abril de 2026	Publicación do número de prazas vacantes (na páxina web)
22, 23, 24, 27, 28, 29 e 30 de abril de 2026	Inscrición (na secretaría de 9:00 a 13:30)
29 de maio de 2026	Publicación de tribunais (no taboleiro do centro)
12 e 15 de xuño de 2026	Probos de acceso (entre as 16:00 e as 22:00)
16 de xuño de 2026	Publicación das cualificacións (no taboleiro do centro)
Do 17 ao 23 de xuño de 2026	Reclamacións de cualificacións (na secretaría de 9:00 a 13:30)
22 e 23 de xuño de 2026	Matrícula dos/das apirantes que obtiveron praza na proba de acceso
22 de xuño de 2026	Escolla doutro instrumento para o alumnado aprobado pero sen praza no instrumento ao que optaba inicialmente (ás 16:00). Este alumnado deberá matricularse o 8 de xullo

Curso 2025-2026

Elixé a túa quenda!

Horario: Luns ás 18h e Xoves ás 19h

Febreiro

Quenda 1: luns 9 e xoves 12

Quenda 2: luns 23 e xoves 26

Marzo

Quenda 3: luns 2 e xoves 5

Quenda 4: luns 9 e xoves 12

Quenda 5: luns 23 e xoves 26

Abril

Quenda 6: luns 13 e xoves 16

Quenda 7: luns 20 e xoves 23

Quenda 8: luns 27 e xoves 30





Xornadas de portas abertas para aspirantes ao acceso a 1º curso do Grao Elemental.

Esta actividade nace coa finalidade de dar a coñecer, aos futuros aspirantes a alumnado, o funcionamento do Centro así como a organización da proba de acceso ao primeiro curso de Grao Elemental.

Nestas xornadas **non se impartirán coñecementos**; simplemente tentarase familiarizar aos aspirantes cun entorno que polas súas peculiaridades pode provocar unha situación de tensión e bloqueo que desemboque nun resultado por debaixo das súas aptitudes reais.

Como apuntarse para participar:

Cada participante terá dereito a asistir a unha quenda (de 2 sesións nunha semana: 1 hora o luns e 1 hora o xoves) e poderá entrar á actividade acompañado dun adulto. Para tal fin, deberá cumprimentar o documento de solicitude de inscrición e **entregalo presencialmente na conserxería do Centro, rematando o prazo ás 11:00 do venres anterior** ao comezo de cada quenda.

O venres da semana anterior ao comezo de cada quenda publicárase, na páxina web e no taboleiro do Centro, o listado do alumnado admitido. Por cuestións organizativas, non sempre se poderá atender á primeira opción elixida.



Solicitude de inscrición

Nome e apelidos do/da participante: _____

Pai/Nai/Titor legal: _____

Enderezo electrónico: _____

Teléfono de contacto : _____

Quendas que escolle:

Por cuestións organizativas non sempre se poderá atender á primeira opción elixida. Prégase sinalar (cando menos) dúas alternativas por orde de preferencia.

Quendas elixidas por orde de preferencia

1ª opción Quenda nº: _____

2ª opción Quenda nº: _____

3ª opción Quenda nº: _____

Unha vez comprobada a quenda asignada, os/as participantes deben agardar no exterior do centro antes da hora de comezo da actividade, onde os recibirá o profesor/a a cargo da sesión. Á finalización da actividade este profesor/a acompañará ao mesmo lugar aos participantes que non entraron á actividade acompañados dun adulto onde os pais, nais, titores/as legais terán a obriga de estar agardando para recollelos/as.

Eu _____

como pai/nai/titor/a legal de _____

declaro coñecer as normas de funcionamento, e polo tanto, eximo e libero de calquera responsabilidade ao Conservatorio Profesional de Música de Vigo.

En _____, a _____ de _____ de 20_____

Sinatura do pai/nai/titor legal